

## XORNADAS SOBRE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E PROPIEDAD INTELECTUAL

(EGAP, 22 e 23 de marzo de 1999)

Ana M<sup>a</sup> Giráldez Riveiro

Bolseira de colaboración en tarefas  
de estudo e investigación da EGAP

Vivimos nunha sociedade na que o *ocio* é, máis ca nunca, un valor en alza. Desde os poderes públicos danse mostras de preocupación constante por facilita-lo acceso de tódolos cidadáns á cultura e por ofertar unha gran variedade de actividades culturais, entendidas estas no seu senso máis amplo. Estamos a falar de concertos, exposicións, representacións teatrais, emisoras de radio e de televisión, etc. O exercicio deste tipo de actividades por parte da Administración estatal, autonómica e local, supón un investimento de grandes cantidades de diñeiro e pon inmediateamente en relación e conflito as ditas administracións cos dereitos que, ós autores, lles recoñece a Lei de propiedade intelectual<sup>1</sup>.

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en estreita colaboración coa Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo organizou, durante os días 22

<sup>1</sup> Lei 5/1998, do 6 de marzo de propiedade intelectual.

e 23 de marzo de 1999 en Santiago de Compostela, unhas xornadas que tocaban precisamente este tema, *Administracións públicas e propiedade intelectual*, xornadas que contaron coa participación de avogados especializados no tema, profesores universitarios e persoal ó servizo das diversas administracións públicas encargados da organización e da promoción de actividades culturais. O motivo da súa realización responde a unha vontade de continuidade trala realización do *Curso sobre a propiedade intelectual*<sup>2</sup>, que tivo lugar na EGAP durante a segunda quincena de outubro de 1998. No dito curso, que versou sobre a propiedade intelectual en xeral, intentouse explica-la totalidade da lei<sup>3</sup>. Nesta ocasión o tema concretouse na particular relación entre as administracións públicas e a propiedade intelectual, ou máis precisamente, nos problemas que deben solucionarlas administracións cando organizan actividades culturais.

A finalidade última das xornadas foi a de analiza-la situación na que están as diferentes administracións públicas, como usuarias dos dereitos de propiedade intelectual, fronte ás pretensións dos titulares deses dereitos articulados a través das súas respectivas entidades de xestión e sempre co obxectivo de ofrecer unha información suficiente e o máis específica posible para todas aquelas persoas encargadas da organización e da promoción de actividades culturais.

\* \* \* \* \*

A sesión de apertura correspondeulle a Juan José Marín López, profesor titular de dereito da Universidade de Castela-A Mancha, en calidade de coordinador das xornadas, a Domingo Bello Janeiro, como director da Escola Galega de Administración Pública, e a Homero Pérez Quintana, director de formación cultural da Consellería de Cultura e Turismo. Este último felicitou a EGAP e o seu director pola organización das xornadas e transmitiu o desexo de que estas tivesen o máximo aproveitamento posible. A continuación tomou a palabra Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, quen destacou a importancia do estudio do dereito de propiedade intelectual para o desenvolvemento da cultura e incluso da industria cultural.

O primeiro relatorio das xornadas, baixo o título *Tipoloxía de actividades públicas relacionadas coa propiedade intelectual*, correu a cargo de José Núñez Núñez, ex-vocal asesor do Ministerio de Cultura. Co ánimo de facili-

---

<sup>2</sup> MÍNGUEZ GOYANES, José Luís, "Crónica administrativa do Curso sobre propiedade intelectual", *REGAP* núm. 20, setembro-décembro 1998, páx. 305 e segs.

<sup>3</sup> Real-decreto lexislativo 1/1996 do 12 de abril polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, que regula, que aclara e que harmoniza as disposicións legais vixentes sobre a materia. Modificado pola Lei 5/1998, do 6 de marzo de 1998.

ta-la comprensión dun tema de tal envergadura, dividiu a súa exposición en tres partes. En primeiro lugar, dedicou algún tempo a unha breve pero necesaria precisión da terminoloxía básica relacionada co asunto. Falou de termos como o de *propiedade intelectual*, que definiu como o *conxunto de facultades recoñecidas pola Lei de propiedade intelectual (de agora en diante LPI) ós autores, pintores, compositores, actores, entre outros, orixinadas ó crear unha obra ou realizar actuacións ou producións xeradas polo intelecto*". Dentro do réxime de propiedade intelectual é fundamental distinguir entre os *dereitos de autor* e os *dereitos afíns*. Estes últimos recoñécense como *as facultades que gozan quen non son estrictamente autores. Titular* É aquel que, por algunha razón ou título, ten algún dereito de propiedade intelectual. A *obra* sería o obxecto intelectual sobre o que recaen os dereitos de autor e a *divulgación* a expresión dunha obra de xeito que sexa accesible ó público por primeira vez en calquera forma. A *duración* é un concepto importante porque os dereitos de propiedade intelectual só se gozan por un tempo determinado e extínguense despois para pasar ó dominio público.

As facultades e dereitos que conforman o contido da propiedade intelectual son variadas e non taxadas. En primeiro lugar, os dereitos de autor comprenden os dereitos morais, o dereito a explota-la súa obra en calquera forma, a prohibir ou a autoriza-la explotación por terceiros e o dereito a obter remuneración polas ditas utilizacións. Os demais suxeitos de dereitos de propiedade intelectual, os denominados afíns, carecen de dereitos morais. O *dereito moral* é un contido característico da propiedade intelectual, moi persoal, irrenunciable e só transmisíbel por morte. Por outro lado, a explotación da obra ou actuación é difundida en calquera forma con obtención de beneficio. Estes *dereitos de explotación* forman, xunto co dereito moral e outros dereitos de remuneración, o contido patrimonial ou económico dos dereitos de propiedade intelectual.

Tras esta breve introducción terminolóxica, o relator presentou un cadro das remuneracións que se deben pagar por motivo dalgún tipo de explotación que realicen terceiras persoas das obras, actuacións...etc., das que os acredores son titulares.

A segunda parte da exposición foi máis empírica co exame das tarifas das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual. Por último, presentou a tipoloxía de actividades públicas relacionadas coa propiedade intelectual, entre as que sinalou as seguintes:

- Administración autora, é dicir, como titular de dereitos de explotación nas chamadas obras colectivas, e sobre todo, na creación de programas de ordenador onde non existe impedimento legal para atribuír tal autoría.
- Administración como propietaria de dereitos afíns. As actividades afíns son moi habituais na Administración pública: a produción de obras audiovisuais, titularidade de entidades de RTV, edición de obras en do-

minio público ou de obras protexidas, fotografía, etc. Estes dereitos xestiónanse, segundo a Lei do patrimonio do Estado e normas análogas, en réxime de dereito privado.

■ Administración empresarial, titular de dereitos de explotación. É unha posición moi frecuente por exposición pública de obras de arte, por produción de artes escénicas, por actividade editorial común dos servizos de publicacións de ministerios, etc.

■ Administración que actúa con potestades de dereito público. Esta actividade é moi variada. Distínguese neste apartado entre a potestade regulamentaria, a potestade de rexistro, a potestade de control sobre as entidades de xestión e a lexitimación administrativa para garantir os dereitos morais e o acceso á cultura.

■ Administración usuaria de obras intelectuais.

Ó remate da súa intervención, o relator remarcou a idea da xenérica asimilación das administracións públicas a calquera outra persoa. É preciso, insistiu, instaurarlle un control ás administracións sobre o patrimonio intelectual propio, sobre as unidades de produción intelectual e sobre as unidades de explotación de creacións intelectuais.

A continuación, o profesor Ramón Casas Vallés disertou sobre *os límites do dereito de propiedade intelectual*. Segundo o autor, a afirmación de que ningún dereito é absoluto discúteselle ó dereito de autor con base nunha polémica distinción entre o dereito a crear e o dereito sobre o creado. A propiedade intelectual convértese así no reflexo dun difícil equilibrio entre intereses individuais e colectivos, condicionado polas peculiaridades do seu obxecto. O profesor Casas referiuse á existencia de dous grandes sistemas á hora de establecer este equilibrio, o *copyright* e *droit d'auteur* (sistema no que se encadra a lexislación española). Ambos recoñecen a propiedade intelectual pero desde perspectivas diferentes. O primeiro (anglosaxón) opta por un sistema de límites onde priman os intereses dos usuarios, mentres que o segundo (continental) inclínase por un equilibrio algo máis favorable ós autores, cunha definición máis estricta, menos permisiva, daqueles.

Deixou claro que a lexislación de propiedade intelectual ten por obxecto obras que son expresión formal orixinal da creatividade humana e prestacións auxiliares, creativas ou industriais; quedan fóra da LPI, as ideas e os feitos. Así, o artigo 2 da LPI dispón que *a propiedade intelectual está integrada por dereitos de carácter persoal e patrimonial, que lle atribúe ó autor a plena disposición e o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas na lei*. As ditas limitacións proxéctanse en dous terreos: *a duración* (a propiedade intelectual non debe ser eterna, debe chegar un momento no que as obras entren no dominio público) e o *contido* (a exclusiva do autor non carece de excepcións).

A continuación o relator sinalou a importancia de coñecer algúns principios para comprender mellor en qué marco se moven os límites ó dereito de autor. Estes principios son:

- Necesidade de divulgación (os límites non xogan a partir da creación senón a partir da divulgación lícita da obra).
- Salvidade do dereito moral (os límites non afectan o dereito moral).
- Carácter excepcional (os límites son excepcionais á soberanía absoluta do autor sobre a creación).
- Fixación por lei (en España é a propia lei a que determina os casos especiais que lexitiman os límites, a través dunha enumeración pechada e de interpretación estricita).

Antes de entrar na análise concreta dos límites<sup>4</sup>, realizou unha necesaria sistematización destes en función dunha serie de parámetros tales como a súa xustificación ou finalidade, extensión obxectiva, amplitude subxectiva, a súa intensidade, ou o carácter privado ou público do uso. Os ditos límites, ordenados de acordo cos intereses ós que serven, son os que a continuación se citan:

1. A docencia e a investigación. Estes intereses xerais están presentes en tres casos, o dereito de cita<sup>5</sup>, a liberdade de reprodución e préstamo de que gozan certas institucións<sup>6</sup>, e en xeral a liberdade de utilización de bases de datos en determinadas condicións<sup>7</sup>.

2. A información. Para evitar que a protección dispensada á expresión bloquee ou dificulte o desexado acceso á substancia, a lei estableceu os seguintes límites:

- Equipáranse ás citas as *recompilacións periódicas efectuadas en forma de recensións ou revistas de prensa*.
- Concédese unha ampla liberdade de utilización dos traballos e artigos sobre os temas de actualidade, difundidos nos *mass media*. Tales traballos poderán ser *reproducidos, distribuídos e comunicados publicamente*, aínda que só por parte doutros medios de comunicación social e citando sempre a fonte e o autor.

<sup>4</sup> Arts. 31 ó 41 LPI.

<sup>5</sup> Art. 32 pfo. 1º LPI. Os requisitos detálloa o propio artigo e aféctanlle á previa divulgación da obra atinxida, á extensión da cita, á función da cita, á finalidade e á precisa salvidade do dereito moral de paternidade.

<sup>6</sup> Segundo o art. 37.1 LPI, os fins de investigación lexitiman a reprodución de obras protexidas, sempre que se fagan sen finalidade lucrativa e se trate das institucións mencionadas na norma. Por outro lado, o apartado 2º dispón que os fins educativos xustifican o préstamo gratuito dos seus fondos por parte de institucións enumeradas, sen satisfaceren ningunha remuneración de autores e de titulares.

<sup>7</sup> O art. 34.2 b) permite a *utilización destas con fins de ilustración do ensino ou de investigación científica pero só na medida xustificada polo obxectivo non comercial que se persiga e indicando en calquera caso a súa fonte*.

■ Debilitase a protección de certas obras, antes efémeras e de acceso imposible, e permítese que se poidan *reproducir, distribuír e comunicar*, se ben co exclusivo fin de informar sobre a actualidade.

■ A necesidade de non lle pór trabas ó fluxo informativo xustifica así mesmo o límite previsto no art. 35.1 LPI: *Calquera obra susceptible de ser vista ou oída con ocasión de informacións sobre acontecementos da actualidade pode ser reproducida, distribuída e comunicada publicamente, se ben só na medida en que o xustifique a dita finalidade informativa.*

3. A liberdade de crítica. A crítica está presente no dereito de cita, se ben condicionada á esixencia de *fins docentes ou de investigación*. Trátase dun límite certamente intenso, que lles afecta ó dereito de transformación e ós propios dereitos morais.

4. As necesidades da Administración en sentido amplo, os fins humanitarios e o xenérico dereito á cultura constitúen o último grupo de intereses xerais ós que responde esta análise ordenada dos límites de propiedade intelectual na lexislación española.

Para finalizar, o profesor Casas fixo mención dos problemas suscitados polas novas tecnoloxías, que permiten a dixitalización e a transmisión incorporal a través de redes de todo tipo de obras protexidas. Na súa opinión, os ditos problemas presentan a necesidade dunha readaptación da lexislación<sup>8</sup>, que noutros países é xa unha realidade.

A seguinte quenda correspondeulle a Agustín González García, director dos Servicios Xurídicos da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SXA), cun relatorio sobre *o dereito de autor desde a perspectiva das entidades de xestión*. O relator referiuse ós dereitos de autor como *o conxunto de facultades recoñecidas ó autor polo ordenamento xurídico que lles permiten dispor das súas obras que son o obxecto da protección, e esixir das persoas que as vaian utilizar, un determinado comportamento*. Por outro lado, as entidades de xestión colectiva coidan bens ou intereses alleos facendo as dilixencias necesarias para cumprilo encargo do dono, é dicir, acada-la real efectividade dos dereitos.<sup>9</sup>

Tras unha breve enumeración e clasificación das diversas entidades de xestión colectiva que existen no noso país<sup>10</sup>, procedeu á avaliación dos

<sup>8</sup> En España está aínda pendente a aprobación da Proposta de directiva relativa á harmonización dos dereitos de autor e dereitos afíns na sociedade da información, sen esquecer a Proposta de directiva relativa a determinados aspectos xurídicos do comercio electrónico no mercado interior, na que tamén se abordan algunhas cuestións de importancia.

<sup>9</sup> Vid. preámbulo da LPI de 1987, ano no que por primeira vez se inclúe todo un réxime xurídico das entidades de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual.

<sup>10</sup> Actualmente en España contabilízanse as seguintes: Sociedade Xeral de Autores

comportamentos das persoas que teñen aqueles deberes xurídicos fronte ós autores, en concreto, á análise do comportamento que as diversas administracións públicas teñen con respecto ás entidades de xestión, sempre, claro está, desde a súa experiencia na SXAE. Existe, matizou, unha dificultade á hora de determinar este tipo de comportamentos xa que non se trata dun único comportamento senón de relacións variadas e prolongadas no tempo. O que si se pode é intentar establece-las carencias das administracións públicas en xeral respecto dos dereitos de autor. Así, pódese comprobar que as administracións públicas tiveron, en xeral, unha falta de sensibilidade cara ós dereitos de autor e unha incompreensión cara ó fenómeno da xestión colectiva. Neste tipo de comportamento, as entidades de xestión e en concreto a SXAE, non están exentas de responsabilidade. Na súa opinión, centráronse moito no pagamento dos dereitos de autor, esquecéndose doutra serie de puntos de conexión e de colaboración. Desde as administracións públicas discútese o labor cultural das entidades de xestión, que é, sen dúbida, significativo. Os dereitos de autor son un conxunto de normas destinadas a proporcionar-lo marco xurídico fundamental para a tutela dos autores no seu labor de creación de obras artísticas, literarias e científicas, tutela que se lles brinda pola súa contribución á formación da cultura na sociedade. Por outro lado, hai que ter presente que os autores son a parte máis débil na negociación fronte ás grandes empresas; de aí xorde a necesidade de agruparse para tratar de reequilibra-la postura na negociación entre autores e outras organizacións.

As relacións das entidades de xestión con certas administracións como as corporacións locais experimentan unha quebra que se puxo de manifesto nas súas obrigas relativas ó pagamento dos dereitos de autor á SXAE, como se este fose o tema fundamental e non o é. O relator sinalou que o pagamento é unha consecuencia de algo previo, a autorización. Estamos a falar de dereitos exclusivos caracterizados pola necesidade de autorización de quen sexa o titular daqueles bens difíciles de protexer, como son os bens inmateriais polo tanto non hai que pór tanto o acento no pagamento como nas licencias ou autorizacións. Ó seu modo de entender, este feito deu lugar a unha perda dunha magnífica oportunidade de establecer alianzas firmes, sólidas, estables e leais entre entidades de xestión e administracións públicas en xeral, o que deu lugar a un marco de relacións completamente diferente ó que ata hai un par de anos presidiu as relacións entre administracións públicas e entidades de xestión. En todo este

---

e Editores (SXAE), Visual Entidade de Xestión de Artistas Plásticos (VEXAP), Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO), Asociación para a Xestión de Dereitos Intelectuais (AXEDI), Asociación de Artistas Intérpretes ou Executantes (AIE), Entidade de Xestión de Dereitos de Autor de Productores Audiovisuais (EXEDA) e Asociación de Actores, Intérpretes, Sociedade de España (AISGE).

tempo e ata agora podemos distinguir tres épocas no marco de relacións entre administracións públicas e entidades de xestión, aplicables en gran medida ás relacións da SXAE coas diversas administracións públicas:

1º Desde a entrada en vigor da Lei de propiedade intelectual de 1879 e o seu regulamento de 1880.

2º Desde a entrada en vigor da Lei de propiedade intelectual de 1987 ata o mes de outubro de 1996.

3º Desde outubro de 1996 en adiante. O mes de outubro marca un punto de inflexión nesta armazón de relacións, xa que ten lugar a subscripción dun acordo ambicioso entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a SXAE<sup>11</sup>. O dito convenio contribuíu á transformación daquel marco de relacións baseado unicamente no pagamento dos dereitos de autor. Xorde desde entón un cambio de actitude por parte de ámbalas dúas organizacións á hora da negociación. Entre as múltiples características do convenio, o relator resaltou as seguintes:

- Contido múltiple, variado.
- Establécense licencias de uso en condicións máis vantaxosas para os concellos e municipios adheridos ó convenio.
- Ponse o acento en aspectos como o da formación de xestores culturais e de técnicos das administracións en propiedade intelectual mediante labores de asesoramento xurídico e a realización de seminarios de formación.
- Establécense compromisos concretos de colaboración en ámbitos culturais.

Segundo o relator, no terceiro ano de vida deste convenio, xa se pode dicir que contribuíu a mudar notablemente a aproximación da sociedade de autores ás administracións en materia de propiedade intelectual. Pero, puntualizou, queda moito por facer e aínda existen puntos conflictivos como o tema das tarifas, a pluralidade de entidades de xestión, problemas de representatividade e a proba das obras utilizadas, entre outros moitos.

En definitiva, o convenio de 1996 deu importantes resultados e marcou para uns e outros o camiño correcto que seguir e no que profundar. Por todo isto, desde este foro, apelouse á necesidade de traballar máis nestas áreas de colaboración cultural en beneficio tanto dos autores como dos cidadáns en xeral.

Miguel Rodríguez Tapia, profesor titular de dereito da Universidade Carlos III de Madrid, abordou o tema da supervisión administrativa das entidades de xestión. Na opinión do profesor, desde o marco europeo, o Estado español asumiu a obriga de non intervir administrativamente no

---

<sup>11</sup> Convenio entre a sociedade de autores e editores (SXAE) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) asinado o 29 de outubro de 1996 en Madrid.



mercado de propiedade intelectual, pero si a de regulalo, por vía lexislativa, cumprindo os mandatos das sucesivas directivas adoptadas en Bruxelas. De feito, desde a Lei 22/1987, a óptica para analiza-la intervención administrativa en asuntos de propiedade intelectual queda drasticamente alterada. Ó seu modo de ver, a propiedade intelectual debe protexerse, sen obstáculos formais.

A nova lei instaurou a intervención da Administración en determinados casos de protección dos intereses culturais. Neste caso, o Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais e as institucións públicas de carácter cultural serían as administracións lexitimadas para actuar ante os tribunais<sup>12</sup>. Trataríase dunha lexitimación extraordinaria para actuar nos procesos ordinarios civís.

Desde esta lei formulouse a necesidade de regular de xeito específico nun dos seus títulos a protección e administración de dereitos de propiedade intelectual, a través do mandato e cesión de certos dereitos de explotación ás que ían chamarse entidades de xestión, termo xenérico que describe estas persoas xurídicas de natureza asociativa, con prohibición de ánimo de lucro e, sen embargo, cunha función xestora recadatoria e asistencial que lles obriga a reclamar, recadar e manexar unhas inxentes cantidades de cartos. Contémplase ademais a existencia de máis dunha entidade/asociación de idénticos dereitos ou de titulares da mesma categoría.

O relator quixo deixar claro que estas entidades requiren, para adquirir un status de persoas xurídicas, cumprir coa técnica administrativa de control por antonomasia: a *autorización administrativa* pertinente. Será a propia entidade a que debe solicita-la dita autorización, conforme a LPI, non para constituírse legalmente, senón para adquirir legalmente un status peculiar de entidade de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Así, para quedar legal e validamente constituída, non fai falla a intervención administrativa, pero para operar no tráfico cos privilexios procesuais e negociais, así como coas súas cargas, é preciso adquiri-lo status de entidade *autorizada para actuar como entidade de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual*.

Respecto destas entidades de xestión, as administracións públicas teñen as seguintes potestades administrativas:

- Autorizar oportunamente á vista da solicitude presentada e, de forma regulada, se a solicitante cumpre os requisitos legais previstos no artigo 148 da LPI.
- Vixiar e supervisa-lo cumprimento das obrigas e requisitos esixidos pola LPI.
- Esixir calquera tipo de información, ordenar inspeccións e audito-

<sup>12</sup> Arts. do 16 ó 40 LPI.

rías e designar un representante en asembleas xerais, consellos de administración ou órganos análogos das entidades.

■ Aprobala modificación dos estatutos das entidades xa autorizadas.

■ Apercibirle á entidade por sobrevir algún feito que orixine a denegación da autorización, outorgarlle un prazo non inferior a tres meses para a corrección e, no caso de non ser reparada, revoga-la autorización concedida.

Por outra parte, as entidades de xestión teñen uns dereitos e deberes que cumprir, entre os que sinalou:

■ Lexitimación colectiva.

■ Lexitimación extraordinaria.

■ Contratación forzosa con titulares.

■ Facultade e obriga de establece-las tarifas xerais.

■ Non discriminación entre socios ou titulares representados.

■ Non discriminación entre usuarios.

■ Obriga de destinar cantidades mínimas para fondos asistenciais e promoción de novos creadores.

■ Obriga de renderlles contas ós seus socios.

■ Obriga de xestiona-los dereitos confiados.

Para finalizar, o relator lembrou que a intervención administrativa nesta materia xustifícase na necesidade de ordenar un mercado de dereitos inmateriais complexo, apresurado e multiplicado polas novas tecnoloxías. Neste sentido reclámase, por interese público de tódolos cidadáns, outorgarlles seguridade en primeiro lugar ós titulares de dereitos e ós intereses culturais subxacentes á propiedade intelectual, e esixir das administracións públicas un labor de protección da cultura e unha maior asignación de medios materiais e humanos para que a coordinación entre Estado e comunidades autónomas, que impuxo o Tribunal Constitucional, poida levarse a cabo.

O segundo día das xornadas comezou co relatorio de Juan José Marín López, profesor titular de dereito civil da Universidade de Castela-A Mancha e coordinador do encontro, quen presentou o tema da defensa dos usuarios e as entidades de xestión. Na primeira parte da súa intervención, analizou a xurisdicción competente para o coñecemento do litixio, e amosou numerosas e ilustrativas sentencias ó respecto, sentencias que demostran cumpridamente como a usurpación de dereitos de propiedade intelectual, procedente de entidades públicas da máis diversa natureza, tivo o seu acomodo procesual nos xuíces e tribunais civís. A execución das sentencias que condenan a unha Administración pública ó pagamento de cantidade por infracción de dereitos de propiedade intelectual correspóndelle naturalmente ó xuíz e non á Administración condenada.

Na opinión do profesor Marín, a Lei da xurisdicción contencioso-administrativa de 1998 abre algunhas interrogantes sobre a competencia civil para coñecer das infraccións dos dereitos de propiedade intelectual procedentes das administracións públicas e pon seriamente en dúbida as conclusións e a xurisprudencia anterior. Ó seu modo de ver, dous son os motivos principais:

■ Desapareceu nesta lei toda referencia á incompetencia da xurisdicción contencioso-administrativa para coñecer das *cuestións de índole civil*, e substituíuse pola que a declara respecto *das cuestións expresamente atribuídas ás ordes xurisdiccional civil, penal e social, aínda que estean relacionadas coa actividade da Administración pública*. A lei de 1998 esixe con claridade que a cuestión estea *expresamente* atribuída á orde xurisdiccional civil para considerala allea á competencia dos xuíces contenciosos.

■ O artigo 2.e) da lei de 1998 restaura a unidade xurisdiccional, a favor dos xuíces do contencioso-administrativo, das cuestións relativas *á responsabilidade patrimonial das administracións públicas, calquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que derive, non podendo ser demandadas aquelas por este motivo ante as ordes xurisdiccionais civil ou social*. A xuízo do relator, a medida prevista no artigo 2.e) é absolutamente criticable.

Na segunda parte da súa intervención, tocou o tema das actividades culturais das administracións públicas. Estas están obrigadas a realizar actividades culturais, entendendo esta expresión no seu sentido máis amplo, en virtude do previsto no artigo 44.1 CE, que lles encomenda os poderes públicos á promoción do *acceso á cultura*. Por esta razón, as administracións reclámanlle frecuentemente ás entidades o goce de certos beneficios á hora de pagar dereitos de autor, argumentando que cos seus investimentos contribúen á creación de espazos culturais nos que despois os propios creadores poden divulgar as súas obras. A Lei de propiedade intelectual non tomou en consideración a especificidade das actividades culturais desenvolvidas polas administracións públicas. O profesor Marín matizou que a única vía que teñen ó seu dispor as administracións públicas para o goce dalgún beneficio tarifario consiste na realización de contratos xerais coas entidades de xestión<sup>13</sup>, nos que normalmente, aínda que non por esixencia legal, se prevén reducións a cambio da axuda que a contraparte lle presta á entidade na tarefa de recadación dos dereitos.

<sup>13</sup> Un bo exemplo constitúeo o convenio, xa mencionado en anteriores relatorios, suscrito en 1996 entre a SXAE e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). O dito convenio prevé bonificacións tarifarias para as entidades locais que se adhiran a el.

Na seguinte quenda entreviú Marta Malmierca Lorenzo, en representación da Asesoría Xurídica do Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO). Como é lóxico, o seu relatorio versou sobre *a reprografía nas administracións públicas*. Na súa exposición, tocou os seguintes puntos:

- A loita contra a reprografía ilegal.
- As autorizacións ou licencias que concede a entidade de xestión de autores e editores.
- O dobre papel da Administración pública como usuaria dos dereitos de autor e do repertorio de CEDRO, e como garante do acceso á cultura de tódolos cidadáns.
- Colaboración, que se iniciou hai un ano, entre o sector privado do libro e a Administración pública.

De acordo coa lexislación vixente na materia, enténdese por reprodución a fixación dunha obra nun medio que permita a súa comunicación e a obtención de copias de todo ou parte dela (art.18 LPI). Segundo a relatora, a lei non fai distinción en canto á extensión do que estamos a reproducir, como tampouco delimita os modos de levar a cabo a dita reprodución (unha das formas sería a reprodución reprográfica ou mediante fotocopia). Seguindo a LPI, este dereito, que lle corresponde ó autor en exclusiva, está limitado. O principio xeral é que ninguén pode reproducir a obra sen a autorización previa do seu titular, pero a lei establece expresamente uns casos para as reproducións nos que non é preciso contar coa previa autorización do autor, en concreto, o art. 31 LPI enumera tres casos: constancia nun procedemento xudicial ou administrativo, cando é para uso privado do copista, sempre que a copia non sexa obxecto nin de utilización colectiva nin de utilización lucrativa, e en terceiro lugar para uso privado de invidentes. No resto dos casos é precisa a autorización previa para poder reproducir a obra. A lei establece ó mesmo tempo un sistema de remuneración que está destinado a compensalos prexuízos ou dereitos que os autores e editores deixan de percibir como consecuencia destas reproducións de uso privado. Refírese a relatora á remuneración compensatoria por copia privada (art. 25 LPI). Esta remuneración determínase en función dos equipos ou aparatos que están destinados a reproducir a obra. Os obrigados ó pagamento son os fabricantes, distribuidores e importadores das máquinas ou equipos destinados á reprodución de obras e os acredores son os titulares das obras.

Neste punto, lembrou a necesidade de manter o equilibrio entre os fins sociais e o interese particular que se protexe mediante a LPI e mediante o recoñecemento do dereito exclusivo de reprodución. Así, a LPI dispón no seu artigo 37.1 que *Os titulares dos dereitos de autor non poderán oporse ás reproducións das obras cando aquelas sexan realizadas sen finalidade lucrativa por museos, bibliotecas, fonotecas, filmotecas, hemerotecas ou arquivos de titularidade*

*pública ou integradas en institucións de carácter cultural ou científico e cando a reprodución se realice exclusivamente para fins de investigación.* Desde o punto de vista da relatora, este tema está regulamentado con excesiva amplitude e pon en perigo a protección principal do dereito de reprodución que se lle recoñece ó autor. A reprodución non é libre, senón que se lle está a limitar ó autor a capacidade que ten para autoriza-la reprodución da súa obra. O artigo 37 LPI tamén deixa claro que non son tódalas institucións senón case tódalas institucións públicas, pero segundo a relatora este é un concepto demasiado amplo e é preciso facer unha interpretación máis restrictiva.

Ó seu modo de entender, a pesar de que a lei regula e protexe o dereito de autor e o dereito de reprodución reprográfica, o certo é que se producen unha serie de violacións claras do dereito de reprodución, sobre todo das obras impresas mediante fotocopiado, é dicir, mediante reprografía, o que nos últimos anos foi en aumento. O índice de reprografía ilegal supera anualmente os 5000 millóns de fotocopias cunhas perdas en dereitos de propiedade intelectual de 15.000 millóns de pesetas ó ano e no sector do libro 45.000 millóns de pesetas ó ano. Esta é a razón fundamental pola que autores e editores decidiron asociarse en 1987 como asociación sen ánimo de lucro CEDRO. A finalidade é clara: facer unha fronte común para loitar contra a violación dos seus dereitos, e especialmente no campo da reprografía ilegal. Ata 1988 a dita asociación non obtivo a autorización do Ministerio de Educación e Cultura, pero desde entón a entidade actúa cunha finalidade principal, a protección do autor e editor de obras impresas no exercicio dos seus dereitos patrimoniais e sempre mediante a xestión colectiva.

CEDRO, como entidade de xestión, actúa nunha dobre condición, como entidade de xestión autorizada pola lei para a recadación da remuneración compensatoria por copia privada (remuneración que distribúe á súa vez entre tódolos autores e editores, non só entre os seus membros) e como representante dos seus membros asociados de forma voluntaria que lle encomendan a xestión do dereito de reprodución reprográfica. Esta xestión lévase a cabo por parte de CEDRO mediante a autorización de licencias de reprodución, que pode solicitar calquera interesado. Existen distintas formas de autoriza-la reprodución: mediante unha licenza puntual para a reprodución dunha obra, mediante a licenza global, que é a que se lles está a conceder ás institucións en función do número de persoas que poidan acceder ás obras impresas a través destas institucións, e por último mediante a licenza transaccional, que é a que se lles concede ós titulares de empresas de reprografía, que teñen unha contía calculada en función do número e velocidade das máquinas. Neste punto a relatora quixo deixar claro que a licenza que se outorga non é unha patente de curso para fotocopiar, outórgase para reproducir baixo uns límites e den-

tro dunhas condicións como a suxeición a unhas tarifas que se presentan no Ministerio de Educación e Cultura, e que no noso caso só están calculadas en función de dous parámetros:

- O número ou a capacidade de copias por minuto das máquinas.
- A situación ou a localización da empresa ou do establecemento de reprografía á que se lle vai conceder a licenza.

Establécese, como límite principal, que a licenza autoriza en xeral a reprodución de ata un 10% de cada obra. Se queremos pasar este límite temos que recorrer a unha licenza puntual. Os usuarios máis comúns que solicitan este tipo de licenza son as copisterías, bibliotecas, centros de documentación, colexios, academias, Administración pública e universidades<sup>14</sup>.

Respecto ó dobre papel da Administración pública en tanto usuaria dos dereitos de autor e garante do acceso á cultura de tódolos cidadáns, a relatora deixou claro que a Administración está lonxe de cumprir coas obrigas que ten encomendadas, xa que está incumprindo sistematicamente coa necesidade de autorización pertinente. O Ministerio de Educación e Cultura respondeu bastante ben ó se comprometer a aprobar un convenio ou licenza tipo para outorgárlle a autorización precisa ás bibliotecas públicas e a outras institucións que a necesitasen. Para finalizar, puntualizou que estamos no camiño de conseguir ese equilibrio entre o interese público, fundamento e límite do dereito de autor, e o privado.

A última intervención correspondeulle a José Miguel Tarodo de Echeñique, director xerente da Entidade de Xestión dos Dereitos dos Produtores Audiovisuais (EXEDA), quen disertou sobre *a televisión municipal e obras audiovisuais*. O seu relatorio estivo acompañado dunha interesante documentación, así como dunha pequena exposición audiovisual que, sen dúbida, axudou a unha mellor comprensión do tema.

O artigo 88.1 LPI dispón que *polo contrato de produción da obra audiovisual presumiranse cedidos en exclusiva ó produtor os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública, así como os de dobraxe ou subtitulado da obra*. Polo tanto, tódolos dereitos das obras e gravacións audiovisuais posúeos o produtor e enténdese que este debe ter a posibilidade de manexar a comercialización desta. Neste sentido, EXEDA é a entidade de xestión que

---

<sup>14</sup> Sinatura (en xuño de 1998) dun protocolo de colaboración entre CEDRO e a Conferencia de Rectores de Universidades Españolas (CRUE). Esta comprometeuse a velar polo cumprimento da LPI e dos dereitos de autor no ámbito da reprodución reprográfica que se leva a cabo no sector universitario. O obxectivo é o de regularizar a actividade reprográfica na universidade. Con motivo desta colaboración estase a subscribir a licenza por parte das universidades españolas en maior número e coa protección da CRUE. O proceso de sinatura iniciouse en setembro-outubro do ano 1998 e supón un verdadeiro logro para o dereito de autor.

representa os intereses destes produtores audiovisuais. O relator fixo un repaso das relacións que esta entidade de xestión mantén coas diferentes administracións públicas, entre as que destacou as seguintes:

- A de tutela co Ministerio de Educación e Cultura.
- A de colaboración co dito Ministerio para dar cursos de formación sobre esta materia e que teñen que ver coa xudicatura, coa carreira fiscal. O relator denunciou un gran descoñecemento nos tribunais españois sobre o dereito de propiedade intelectual.
- Co Ministerio de Fomento existe unha colaboración permanente coa Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).
- Tamén existe relación coas comunidades autónomas e coa asociación das televisións autonómicas.
- En canto á Administración local, só hai relación nunha área moi concreta. Refírese ás televisións locais por onda ou por cable, realidade esta que superou todo o previsto. A Administración ata datas recentes permaneceu en silencio total sobre a regulación deste sector e isto deu lugar á proliferación dunha serie de empresas que crearon, nos lugares máis insospitados, televisións por onda ou por cable. Este tipo de instalacións contabilizáronse en máis de 1500, instaladas en zonas moi concretas e non repartidas por igual en todo o país. En determinadas rexións o índice destas *pequenas televisións* é moi elevado. Detrás da idea inicial de creación desta industria sempre hai ou ben un particular que llo propón ó concello ou ben é o propio concello quen por interese crea estas instalacións, co obxecto nalgúns casos de mera diversión e noutros para promocionar certos políticos locais coa súa presenza nesa canle de televisión. Este tipo de actividade cualifícase de *pirata* posto que non se lle pagan dereitos a ninguén. EXEDA tivo que intervir de forma penal nunha serie de casos onde os concellos ampararon ou propiciaron este tipo de actividade ilegal. Ó respecto puntualizouse que non se trataba dunha actividade ilegal ter unha televisión deste tipo, senón máis ben dunha actividade alegal, é dicir, nese momento non estaba regulada, pero o que si é ilegal é a falla de autorización, como é o caso das retransmisións que realizan os concellos. É significativo, sinalou o relator, que ata este momento só hai unha rede de titularidade municipal que ten autorización.

Durante a exposición audiovisual, o Sr. Tarodo de Echenique explicou o funcionamento da televisión local, a piratería por emisión, transmisión e retransmisión, a análise dos sectores prexudicados e a articulación da loita contra esta piratería. As súas conclusións foron claras:

- Os prexuízos ó sector superan os 5000 millóns de pesetas anuais.
- Desde os anos oitenta as perdas acadan máis de 100.000 millóns de pesetas.

■ Nos xulgados hai un total descoñecemento do tema.

■ A única forma de chegar ó Tribunal Supremo con este asunto é realiza-la intervención no momento en que se está a produci-lo delito e para isto precísase proba-la comunicación pública da obra, tarefa que ás veces non resulta nada fácil.

Ó remate desta última sesión, o coordinador Juan José Marín López abriu unha quenda de preguntas sobre este e outros relatorios expostos ó longo das xornadas coa finalidade de iniciar un coloquio aberto no que participaron activamente profesores, avogados e especialistas na materia. As conclusións e comentarios que se puideron extraer deste interesante coloquio enriqueceron aínda máis o contido das xornadas.

Como colofón a este encontro, o profesor Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, fixo durante a sesión de clausura unha recapitulación final das distintas intervencións, ó mesmo tempo que expresou o desexo de que estas respondesen ós obxectivos inicialmente marcados. Para finalizar, agradeceulles ós conferenciantes, e en especial ó profesor Juan José Marín López, coordinador desta actividade, así como ó público asistente, o esforzo realizado para difundir un tema de tal importancia. A colaboración entre particulares, administracións públicas e entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual faise máis que necesaria se se quere cumprir coas obrigas impostas pola Lei de propiedade intelectual para o uso das obras protexidas.

Tanto das xornadas, aquí comentadas, como do **Curso sobre propiedade intelectual**, que se desenvolveu na EGAP na segunda quincena de outubro de 1998, podemos concluír que a sociedade da información non tería sentido sen unha axeitada tutela do seu obxectivo, isto é, os produtos e servicios precisos para a súa materialización. A dita tutela é exercida, non o esquezamos, pola propiedade intelectual. 